

ADMINISTRACIÓN LOCAL MUNICIPAL SOBRADO

Regulación do taboleiro electrónico do Concello de Sobrado

ANUNCIO

Faise público que na Resolución da alcaldía 104/2021 do 6 de abril de 2021 acordouse a regulación do Taboleiro electrónico do Concello de Sobrado que transcrito literalmente di:

“RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

Asunto: REGULACIÓN DO TABOLEIRO ELECTRÓNICO

O Concello de Sobrado, en sesión plenaria do 25 de xuño de 2012 adoptou o acordo da creación da sede electrónica do Concello de Sobrado: sede.sobrado.es (BOP Nº 232 do 5 de decembro de 2013).

O 29 de marzo de 2019 aprobouse por Decreto de alcaldía 118/2019 a aprobación do selo electrónico de órgano e a regulación das actuacións automatizadas no Concello de Sobrado (BOP Nº 68 do 9 de abril de 2019)

O artigo 12 da Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico da cidadanía aos Servizos Públicos, díspon “La publicación de actos y comunicaciones que, por disposición legal o reglamentaria deban publicarse en tablón de anuncios o edictos podrá ser substituída o complementada por su publicación en la sede electrónica del organismo correspondiente”.

Así, no uso das atribucións que me outorga a lexislación do réxime local, **RESOLVO**

PRIMEIRO. A publicación de actos e comunicacións que, por disposición legal ou regulamentaria, deben publicarse no taboleiro de edictos municipal, poderá ser substituída ou complementada pola súa publicación no taboleiro de anuncios electrónicos da sede electrónica do Concello.

SEGUNDO. O acceso ao taboleiro de anuncios electrónico non requirirá ningún mecanismo especial de acreditación da identidade do cidadán.

TERCEIRO. O taboleiro de anuncios electrónico publicarase na sede electrónica do Concello.

CUARTO. O taboleiro de anuncios electrónico dispoñerá dos sistemas e mecanismos que garantan a autenticidade, a integridade e a dispoñibilidade do seu contido. Para os efectos do cómputo dos prazos que corresponda, establecerase o mecanismo que garanta a constatación da data e hora de publicación dos edictos.

QUINTO. O taboleiro de edictos electrónico estará dispoñible as 24 horas do día, todos os días do ano, a través da sede electrónica municipal. Cando por razóns técnicas prevéxase que o taboleiro de edictos electrónico pode non estar operativo, deberase informar diso aos usuarios con antelación suficiente, indicando cales son os medios alternativos de consulta do taboleiro que estean dispoñible.

SEXTO. Naqueles casos en que a publicación na sede electrónica substitúa ao taboleiro de anuncios presencial facilitarase aos cidadáns a consulta na sede física do Concello, facilitándose aos cidadáns, no caso de que o requiran, asesoramento para ese efecto.

SÉTIMO. Este regulación entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia de A Coruña. Igualmente publicarase na sede electrónica do Concello de Sobrado a efectos de xeral coñecemento de acordo co artigo 45.1.a) da Lei 39/2015.

Mándao e asina o Sr. Alcalde, en Sobrado, na data da sinatura electrónica ao marxe do que eu, Secretaria, dou fe.”

En Sobrado, a 6 de abril de 2021

O Alcalde

Luís Lisardo Santos Ares